

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	2 de xullo de 2020
Duración	Desde as 21:09 ata as 23:00 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
██████████	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
██████████	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
██████████	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
██████████	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
██████████	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
██████████	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
██████████	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
██████████	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
██████████	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
██████████	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
██████████	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
██████████	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
██████████	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
██████████	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

Concello da Estrada





	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE XUÑO DE 2020

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 13 En contra: 8 Abstencións: 0 Ausentes: 0
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de xuño de 2020, o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, manifesta non estar de acordo coa redacción da acta por non reflectir nun dos seus puntos a realidade do que aconteceu na sesión, xa que nela o Sr. Alcalde referiuse ao 8 de marzo vertendo unhas acusacións que entende que non son certas e que no son recollidas na dita acta, aínda que a concelleira Dña. Belén Louzao pediu que constara dito extremo; polo dito, solicita que a acta sexa modificada en dito punto para que sexa fiel ao que realmente aconteceu e, en caso contrario, o seu grupo votará en contra da aprobación da referida acta.

O **Sr. Alcalde** responde que a redacción da acta é unha labor do departamento de Secretaría, polo que lle concede a palabra á **Sra. Secretaria**, quen di que non lembra se ese extremo está recollido literalmente ou non, polo que procederá a comprobarse.

O **Sr. Alcalde** aclara que os audios das intervencións forman parte do expediente e na redacción das actas procédese a facer un resumo das intervencións; por outra parte di que se ratifica co dito nesa sesión e non ten ningún problema en que se corrixa, pero o que procede neste momento é aprobar ou non a acta.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





A continuación procédese a votar a acta correspondente á sesión celebrada o 4 de xuño de 2020, a cal é aprobada polos votos a favor dos grupos do Partido Popular e Móvete, e en contra dos grupos do Partido Socialista e Mixto (BNG); ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 15 DE XUÑO DE 2020

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 15 de xuño de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 346/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS SOBRE A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL DE RETO DOMOGRÁFICO

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde, por tratarse dun asunto derivado dunha Moción do Partido Socialista, concede a palabra ao seu voceiro, **Sr. López Bueno**, quen procede a expoñer a moción presentada con data 25/01/2020 e que se transcribe literalmente a continuación:

“...
Os datos ofrecidos polo Instituto Nacional de Estadística (INE en adiante), amosan que A Estrada perdera 182 veciños e veciñas a 1 de xaneiro de 2019 e respecto do exercicio inmediatamente anterior. No marco comparado dos concellos da nosa contorna, existen exemplos de crecemento tanto no 2019 como, empregando un límite temporal que permita visión de tendencia, na última década. Sen ánimo de exhaustividade, poden recollese os exemplos de Lalín, Teo, Silleda...

Na Estrada os datos son ben distintos a eses casos, con un decrecemento do censo de 1.838 habitantes entre os anos 2000 e 2019, dos cales 1.401 se perderon na década 2010 – 2019. Isto revela unha aceleración da tendencia que non foi tomada en conta polo goberno municipal actual á hora de emprender políticas activas de recuperación da poboación.

As cifras poboación por municipios tamén demostran que as cidades galegas (agás Ferrol e Ourense) continúan en números de crecemento demográfico, igual que nos derradeiros anos. Ese feito sitúa ao noso concello nunha posición de debilidade respecto delas, demostrándose cos datos na man que A Estrada non é capaz de competir nin de frear o despoboamento que asola especialmente ás 51 parroquias.

A comisionada polo Goberno para o Reto Demográfico, Isaura Leal, valora que non é tarde para abordar a cuestión demográfica e que cómpre que todas as administracións estean implicadas, incluída a local. No caso concreto da Estrada, un dos factores con maior ponderación na mala evolución demográfica é o resultado do saldo vexetativo, que se explica a través da incapacidade de atraer novos veciños e veciñas en idade reprodutiva.

As políticas municipais e en especial as relativas a servizos sociais, son insuficientes á vista dos datos. É máis, están a desviar a atención a medidas directas e concretas contra a lacra da perda de poboación.





Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopten os seguintes ACORDOS:

- 1. Atendéndolle ao artigo 124.1 e 124.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, constituír unha comisión especial nomeada “de reto demográfico”, coa representatividade acordada no expediente 2777/2019 no Pleno de data 21 de xuño de 2019.*
- 2. A situación de especialidade da comisión finalizará cando A Estrada obteña tres exercicios de crecemento demográfico consecutivos, segundo os datos oficiais publicados polo INE. Asumindo os grupos a súa creación en mandatos posteriores, en cumprimento da legalidade vixente.*
- 3. O obxecto da Comisión Especial de Reto Demográfico será a proposta e debate de iniciativas concretas tendentes a lograr o incremento demográfico, así como de fiscalización de toda a acción do Goberno municipal dende a perspectiva que lle é natural á comisión.*
- 4. Convocaríase cunha periodicidade ordinaria cada 6 meses, e de xeito extraordinario cando calquera dos grupos solicitase a súa convocatoria. Asimesmo, convocaríase ao fío de proxectos estratéxicos para A Estrada, coa finalidade de estudalos e emendalos dende o punto de vista demográfico.”*

Intervén a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que a perda de poboación, o envellecemento no noso municipio, este último cunha porcentaxe superior á media galega, e a escasa natalidade son símbolos de que A Estrada esmorece, sendo outra das causas a falta de oportunidades laborais e que provoca que a nosa xuventude marche en busca de traballo. Por outra banda, di que A Estrada non destaca polos seus servizos, porque, centrándonos no rural, este carece de servizos básicos e que fan pouco atractiva a vida neste entorno, tales como abastecemento de auga, saneamento, camiños en mal estado, insuficiente recollida de lixo, falla de sinalización, precaria conexión a internet (que impide o teletraballo, por exemplo) e a inexistencia de transporte público.

No que respecta á vida na nosa vila, di que a falta de oportunidades laborais, xunta coa imaxe dun pobo descoidado, son reflexo de anos de decadencia; así mesmo hai falta de servizos que dean resposta ás necesidades da poboación, tales como inexistencia dun Centro de Día público con capacidade de atender a unha demanda potencial; dunha residencia para persoas dependentes; dun Centro de Xuventude, etc.; aclarando que non pretende dicir que sexa o Concello a única administración responsable, pero está claro que hai que asumir responsabilidades e, entre todos/as, traballar para crear políticas que dean solución ao decrecemento demográfico da Estrada e facela apetecible para vivir e que garantan aos estradenses o dereito de nacer, vivir e a traballar no seu municipio.

Por todo o anterior, traslada o voto a favor do seu grupo para a creación da Comisión Especial de Reto Demográfico e así poder traballar en políticas transformadoras que repercutan de xeito positivo en que A Estrada sexa o mellor sitio para vivir, máis alá de xeitos simbólicos, como é o caso do Baby Box, e que no cambian nada.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen di que non se quere repetir demasiado, xa que os anteriores voceiros enumeraron as trabas que temos actualmente no noso concello e que dificultan o seu crecemento demográfico, estando claro que todos/as están preocupados/as pola perda de poboación que estar a sufrir o noso concello e polo que pasaría se baixamos dos vinte mil habitantes, xa que se convertería en un grave problema económico debido a que teríamos que manter un concello con case vinte mil habitantes con moitos menos cartos. Di que está claro que todos/as coincidimos en que hai catro eivas que hai que superar no tempo, porque a situación é tan desesperada que posiblemente levará moitos anos resolver, sen embargo, o bo é plantar a semente e iniciar a toma de medidas para solucionar os problemas de traballo, vivenda alcanzable, servizos básicos e mobilidade. No que se refire ao traballo, no é só que o Concello non teña medidas para ofrecer oportunidades laborais, senón que





as que ofrece son precarias; en canto á vivenda, lembra que o seu grupo ten presentado mocións ao respecto co fin de crear un parque de vivenda pública que sexa accesible para todas as persoas e que axudará tamén a atraer a outra xente de municipios limítrofes.

Así mesmo, en canto aos servizos básicos, lembra que no rural practicamente non existen, tales como subministro de auga e rede de sumidoiros, entre outros.

No relativo á mobilidade, di que indispensable, sobre todo pensando na poboación envellecida que temos e naquelas persoas que desafortunadamente necesitan deste servizo, polo que sería un punto a favor para atraer poboación o mellorar a mobilidade no noso concello.

Polo anterior, a Sra. Camba traslada o seu apoio a esta proposta de creación da nomeada Comisión Especial, porque vai a ser un traballo moi grande e que vai a necesitar do apoio de todos/as.

Intervén o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, **D. Alberto Blanco Carracedo**, trasladando a conformidade do seu grupo na creación da devandita Comisión por considerala necesaria e para así enriquecela con ideas, unha labor de loita que ven facendo o grupo de goberno a través de políticas activas ou de natalidade (Baby Box); considera que haberá que incidir en campañas de empadramento. Tamén quere lembrar as actuacións executadas polo goberno, tales como incremento de beneficios fiscais para familias numerosas, a aprobación do PXOM (que repercute, en certo modo, sobre a atracción de poboación e que sacou adiante o actual grupo de goberno en solitario) e sen o que o adementamento do rural e casco urbano non sería posible, xunto a isto, actuacións urbanísticas actuais e futuras que facilitarán a creación de vivendas que repercutirán na oferta de servizos que atraerán xente ao noso municipio.

Non querendo entrar en máis cuestións e que xa se discutirán na nova Comisión, quere agradecer o estar todos/as de acordo en loitar conxuntamente para solucionar o problema de despoboamento de A Estrada.

O **Sr. Alcalde** manifesta o seu asombro ante a imaxe que teñen os da oposición do noso municipio, imaxe que cualifican de desastrosa, cando A Estrada pasa polos problemas comúns de moitos concellos con motivo da “España vaciada”, dese problema da Galicia interior que ve como a súa poboación vai envellecendo e non hai relevo xeracional. Polo dito, lle parece rocambolesco que os grupos municipais da oposición queiran trasladar a responsabilidade da caída da demografía estradense ao goberno local; en todo caso, quere aclarar que non coincide en absoluto coa radiografía que fan da situación actual da Estrada, por considerar que é un pobo con moitas oportunidades e onde hai sectores produtivos punteiros a nivel nacional e internacional e que están a xerar unha gran cantidade de postos de traballo; ademais, quere lembrar que o rural estradense é moi extenso, sendo o que máis núcleos de poboación ten de toda España, o que complica a xestión ordinaria, sen embargo estes últimos seis anos púxose en marcha iniciativas que son históricas na xestión municipal, tales como o Centro de Conciliación Familiar que está a atender preto de cincuenta familias todos os días durante os doce meses do ano; a construción da segunda Escola Infantil, sendo o concello galego que máis ratio de cobertura temos en canto a prazas para nenos/as de 0 a 3 anos; a posta en marcha do Centro de Atención Temperá; a creación dun Centro de Día público e con prazas suficientes, polo que non é certo de que non exista; en materia de educación, o concello conta con grandes centros educativos e con grandes profesionais; en sanidade, cóntase cun servizo dos mellor xestionados de toda Galicia e, de feito, pronto estará construído o mellor centro de saúde de todo o territorio galego; somos un dos concellos que máis aposta polas políticas sociais, de feito máis de 800.000 € ao ano adócanse á prestación a máis de 160 familias dos servizos de Axuda no Fogar, Xantar na Casa e Teleasistencia; gozamos das mellores infraestruturas deportivas e de programación cultural no rural; etc.

Continúa dicindo que estase a traballar en novos proxectos, non sendo certo que non haxa preocupación polo abastecemento de auga no rural, resolvendo en cada momento aqueles

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 733LHC9MGS3E39FZCAGJTWEK3G | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 17



problemas detectados con axudas veciñais, porque os veciños queren manter as súas traídas de auga ou mananciais e, polo tanto, non buscan a colaboración do Concello para así non pagar, polo que acusa á oposición de descoñecer a idiosincrasia do noso rural; e, naqueles lugares onde hai peticións feitas para abastecemento de auga, tales como Tabeirós e Nigoi, estase a proxectar para a súa execución en Convenio con Augas de Galicia, algo que non foron capaces de facer os anteriores gobernos municipais.

Polo anterior, manifesta que os grupos da oposición non queren ver a realidade, porque a nivel de infraestruturas e servizos, A Estrada e un dos concellos no top 10 en materia de investimentos e política social, sendo esta a realidade.

Tamén quere facer fincapé no investimento no rural, o máis grande da historia municipal e que vai a facer este grupo de goberno, consistente, a través da IDAE, do cambio de luminarias e que supón a cantidade de oito millóns e medio de euros. Así mesmo, di que somos un dos primeiros concellos de Galicia en entrar no plan de extensión da banda ancha da Xunta de Galicia, cun índice de cobertura do 50% dos núcleos do noso rural para o ano 2021. Informa que onte púxose en marcha o Plan de Conciliación Rural, atendendo a máis de cincuenta familias.

En definitiva, o numerado deixa constancia do apoio que se está a prestar aos estradenses, pero a oposición non o ve, intentando, incluso, caricaturizar o Baby Box, pero é certo que está a ter éxito, de feito só unha familia non solicitou este servizo mentres que o 99% restante solicitou o Baby Box, polo que non debe de ser unha iniciativa tan desastrosa como di a oposición, cando os estradenses estanse a beneficiar de ela.

Interrompe a concelleira do grupo do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, para preguntar á Sra. Secretaria que é o que se está a debater, aclarando que se trata dunha cuestión de orde, xa que leva o Alcalde falando media hora e non sabe xa o que se vai a votar.

O **Sr. Alcalde** lle aclara que non se lle concedeu a palabra para poder intervir, aínda que é sabedor que o voceiro do seu grupo non a deixa falar, pero pídlle que non fale cando non lle toca e o faga na quenda correspondente ao seu grupo político e non interrompa o resto das intervencións.

A **Sra. Louzao** considera que pode pedir a palabra en calquera momento e cando o considere, outra cousa é que non se lle queira dar, reiterando que se trata dunha cuestión de orde o que intentar manifestar.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que sabe perfectamente a intención da Sra. Louzao, xa que leva varias sesións plenarias buscando que sexa amoestada, pero non pensa facelo, porque coñece cal é o seu estilo e, polo tanto, cre que nunca houbo interrupcións por culpa do tempo das intervencións de cada un/ha dos voceiros/as e ademais sempre se respectaron as quendas, polo que lle pide á nomeada concelleira que non sexa maleducada e non intente crispas os ánimos nas sesións nin interromper as intervencións. Polo dito, di que se debe gardar respecto e intentar levar as sesións plenarias dunha maneira ordenada.

Continúa dicindo que sabe que á oposición non lle gusta escoitar todo o que fai o actual grupo de goberno, entendendo que é o papel que teñen o lles gusta interpretar, pero o resultado vese cada catro anos cando os veciños deciden quen lles goberna co seu voto, estando claro a onde vai a confianza e credibilidade dos nosos veciños.

Finalmente, di que é consciente da problemática existente en materia demográfica, que é necesario seguir traballando de cara a frear o despoboamento do noso concello, sendo esta a razón pola que o seu grupo votará a favor da creación da Comisión Especial de Reto Demográfico, sobre todo sabendo que se pode instar a outros organismos ou administración de axudas necesarias para impulsar e estimular o atractivo do noso municipio e así atraer a novos habitantes; aínda que vai a ser difícil este traballo conxunto por causa de que se parte de





ideoloxías moi distintas, pero o seu grupo de goberno vai aberto a escoitar as propostas que sexan presentadas para, o final, valorar e tomar as decisións que se consideren acertadas.

Para rematar, invita aos demais grupos a presentar as súas propostas á nova Comisión Informativa, a cal estará constituída polos mesmos concelleiros que compoñen a Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais.

Pide a palabra a concelleira do grupo do Partido Socialista, **Dña. Belén Louzao**, para manifestar unha cuestión de orde ao abeiro do Regulamento de Administracións Públicas, pedíndolle á Sra. Secretaria que concrete cal é o asunto que se vai a someter a votación, despois dunha intervención tan ampla do presidente e moderador desta sesión, xa que lembra que o asunto era a creación dunha Comisión Especial, pero despois da anterior exposición non o ten claro.

O **Sr. Alcalde** pon en dúbida a seriedade da Sra. Louzao nesta sesión plenaria, pero, considerando a súa experiencia, debería de saber que o que se vota e o asunto que figura no respectivo punto da convocatoria e ao que deu lectura antes de empezar o debate; polo tanto, dirixíndose á Sra. Louzao, di que sabe de sobra o que se está a tratar, outra cousa é que queira polemizar, pero non pensa entrarlle “ao trapo”, ademais sabe moi ben que antes de proceder á votación dáse lectura ao contido do acordo que se vai votar, algo que se fixo sempre, polo tanto considera fóra de lugar a cuestión de orde feita pola nomeada concelleira.

Interrompe a **Sra. Louzao** para aclarar que non plantexou nada que fora ilegal, máis ben acaba de facer algo que permite o Regulamento e, en segundo lugar, precisamente lle acaban de aclarar que un dos puntos a votar non están no texto inicial da moción, polo que non está de máis aclarar cales son os puntos que se van a votar.

O **Sr. Alcalde** lle repite que vai a dar lectura a continuación do que se vai a votar, reiterándolle á Sra. Louzao que non se preocupe, entendendo que está buscar polémica nun acordo que é unánime.

Interrompe o **Sr. López Bueno**, non escoitándose no audio o dito.

O **Sr. Alcalde** quere poñer orde na sesión aclarando que non se está nun mercadillo nin nunha taberna senón nunha sesión plenaria, pedindo respecto ás persoas presentes.

Pide a palabra o **Sr. López Bueno** para manifestar que non entende porque o Sr. Alcalde se ofende tanto, xa que considera que non se lle faltou ou respecto. Aclara que a súa nova intervención é intentar aclarar que algunhas das cousas ditas non son certas; así, en primeiro lugar, pregunta, en relación á referencia ao PXOM polo concelleiro D. Alberto Blanco, que repercusión ten o Plan Xeral no crecemento demográfico, por ue a curva demográfica en vez de relentizarse acelérase, polo tanto non entende o beneficio manifestado. En segundo lugar, di que lle preocupa que o noso Alcalde viva metido nunha burbulla ao considerar que non está a pintar unha situación apocalíptica, ao contrario, considera que estamos a tempo de frear unha situación que é negativa, considerando que quen non o queira ver ten un problema, porque os datos son os datos, así, nos dez anos que levan no goberno o actual grupo perdeuse na Estrada 1.400 habitantes, procedendo a comparar a densidade demográfica do noso municipio con outros colindantes. En canto á intervención do Sr. Alcalde, lembra que nela presume de facer o contraataque máis rápido da historia, o saque de banda máis bonito da historia do mundo do fútbol, pero ao final mil catrocentos veciños menos e perdemos o partido 8 - 0; polo que considera que deu un discurso moi bo numerando os servizos que se están a prestar, pero comparados con outros concellos con menos habitantes, no son tan bos como se pretende facer parecer, considerando que son insuficientes. No que respecta ao gasto en Servizos Sociais, pensa que a suba do SMI tivo bastante que ver (aínda que é certo que se subiron as axudas do SAF) e





por iso se paga máis. En relación coas traídas de auga, podemos falar das súas demoras, porque está sen facer dende o 2017.

Finalmente, aclara que temos na actualidade 20.460 veciños, aproximadamente, e vimos en caída libre dende os últimos dez anos, entón o discurso do Sr. Alcalde non coincide cos datos demográficos actuais, pedíndolle que non nos conte unha historia e poñámonos a traballar na proposta presentada polo seu grupo para a creación desta Comisión Especial.

Pide a palabra a **Sra. Mar Blanco Casais**, quen, por alusións en relación á prestación dos servizos, di que quere quedarse cos datos demoledores das familias: a renda per cápita da Estrada é inferior á media provincial e galega; as pensións máis baixas do estado español son as galegas (dentro das galegas ás da zona da Estrada son das máis baixas); a precariedade laboral tradúcese en que a xuventude só ten a alternativa laboral da emigración. Así mesmo, o grupo de goberno presume do seu Centro de Día, sen embargo este non ten todas as súas prazas cubertas porque a xente non da pagado por este servizo, realidade que parece que o Sr. Alcalde non coñece, polo que non debería presumir de servizos sociais cando hai máis de cen persoas valoradas como dependentes e que están agardando polo prestación do servizo de axuda no fogar e o Concello mira para outro lado. Por outra lado tamén se presume de que vai a facer un novo Centro de Saúde que costa catro millón de euros e que carece dunha Base para o 061 que salvaría vidas por mor da mala xestión do actual grupo de goberno, polo que non se debería presumir tanto e facilitar o traballo conxunto cos demais grupos políticos municipais, porque a xestión actual non é para presumir tanto.

Intervén a **Sra. Camba Castro** quen considera que deberíase centrar o debate na parada demográfica, felicitando ao Sr. Alcalde polo seu gran mitin, sen embargo di que este non é lugar nin o momento; por outra banda, o acusar á oposición de cousas estrañas non é procedente cando a intervención do Sr. Alcalde dura 20 minutos, o que non lle parece moi normal.

En canto á acusación de non coñecer o rural, deféndese dicindo que ela vive no rural, e escoitar a afirmación de que temos servizos no rural lle parece un insulto; no relativo a que a oposición plantexa un escenario totalmente apocalíptico, pregunta se se dixo algunha mentira nas anteriores intervencións, porque está claro que hai falta de traballo na Estrada, non hai solo industrial público, non hai vivenda adquirible, non se prestan servizos básicos á xente do rural,..., e as promesas son moi fáciles de dicir, o difícil é cumprilas.

Polo anterior pide que sexamos construtivos, porque enumerar o feito anteriormente non aporta nada á problemática existente, de feito, está claro que se A Estrada fora tan boa en servizos como o Alcalde di, entón non estaríamos neste momento creando unha Comisión Especial para evitar a perda de poboación, porque se a xente non fixa a súa residencia no noso municipio é porque non se dan as condicións adecuadas, polo tanto non presuma tanto e non diga o que non é.

O **Sr. Alcalde** contesta ás anteriores intervencións, dicindo que de todo o que dixo anteriormente non hai nada cuestionable, porque si falou vinte minutos dos servizos e os proxectos executados for para deixar constancia de que discrepa bastante co dito polos da oposición sobre que só son promesas, máis ben son a realidade, o que deixa claro que a oposición actúa coa demagogia da mente esquerda, demagogia absurda coa que pretenden culpar a un goberno local da evolución da demografía da Estrada e, seguramente, da responsabilidade da do resto de España e, ante isto, non vai a calar, sobre todo cando ten capacidade suficiente para rebater punto por punto as acusacións da oposición. En canto ao reto que temos por diante, di que está claro, senón non se votaría a favor desta proposta, pero trátase dun reto que ten toda a España e Galicia interior debido a que a actual xeración tende a ir de cara as cidades e que, polo tanto, nada ten que ver a xestión municipal. En canto ás medidas que tomaron outros concellos para solución o problema da perda demográfica, foron campañas de empadramento e non políticas que permitisen aumentar a natalidade.



En relación a que o voceiro do grupo socialista canaliza esta problemática aos últimos dez anos, lle reta a que mire cando gobernaron eles a curva demográfica e así comprobar como era a súa política demográfica; pero tamén é certo de que daquela tiñan unha oposición máis sensata que non culpabilizaba ao goberno da perda de poboación.

Así mesmo, lembra que dicía oposición que A Estrada ten a renda per cápita máis baixa de Galicia, o cal non é certo, xa que de feito este concello esta é máis alta que Lalín, segundo os últimos datos do INE, sen esquecer que tamén é o concello con menos carga impositiva, algo que si é imputable ao goberno, porque no que se refire á renda per cápita dos veciños pouco se pode facer para que os empresarios paguen máis aos seus traballadores; sen embargo, en canto á baixa carga impositiva pódese cualificar como unha política de conciliación.

A continuación volve a enumerar a posta en marcha de varios servizos os cales xa foron enumerados na súa anterior intervención, lembrando que na época de goberno do Partido Socialista en coalición co BNG había setenta familias en lista de espera para a Escola Infantil, sen embargo a día de hoxe non hai, grazas á nova Escola.

Replica o **Sr. López Bueno** dicindo que iso é porque hai menos natalidade.

O **Sr. Alcalde** aclara que os índices de natalidade varía entre 170 e 145 nacementos, e o seu grupo de goberno ten feita a previsión para cubrir a demanda total de prazas para a Escola Infantil nun futuro, e iso e traballar e previr o futuro, algo que á oposición lle doe .

Interrompe a **Sra. Susana Camba** para puntualizar, en relación ao Centro do Día, que no 2009 había licitado un Centro de Día na Estrada e, cando gañou o Partido Popular, paralizouse.

O **Sr. Alcalde** pregunta onde está esa licitación, porque considera que é mentira, así que lle invita que lle informe onde está publicada esa licitación.

A **Sra. Camba Castro** di que non ten esa información neste momento, porque non sabía que se ía a discutir sobre este tema nesta sesión.

O **Sr. Alcalde** lle reta a que lle traia a publicación no Boletín Oficial da publicación da licitación e, a partir de aí, empezaremos a ver que é cada uno, porque o que fai falta aquí son feitos e xestións, e demostración de apoio do grupo de goberno ás familias e aos nosos maiores son a posta en marcha das infraestruturas e servizos numerados anteriormente e, dentro dos recursos limitados existentes, se seguirán buscando iniciativas para continuar con ese apoio, esperando que desta nova Comisión salgan propostas que sexan de interese para todos e que se poidan poñer en marcha, permitindo solucionar o problema demográfico que estamos a atravesar.

Finalmente, pechando este debate somete a votación o expediente 346/2020 en relación ao ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais sobre a creación dunha Comisión Especial de Reto Demográfico, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción presentada con data 25/01/2020 (2020-E-RCIO-1) polo grupo municipal do Partido Socialista pola que se propón á creación dunha Comisión Especial de Reto Demográfico, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“... ”

Os datos ofrecidos polo Instituto Nacional de Estadística (INE en adiante), amosan que A Estrada perdera 182 veciños e veciñas a 1 de xaneiro de 2019 e respecto do exercicio inmediatamente anterior. No marco comparado dos concellos da nosa contorna, existen exemplos de crecemento tanto no 2019 como, empregando un límite temporal que permita visión de tendencia, na última década. Sen ánimo de exhaustividade, poden recollese os exemplos de Lalín, Teo, Silleda...





Na Estrada os datos son ben distintos a eses casos, con un decrecemento do censo de 1.838 habitantes entre os anos 2000 e 2019, dos cales 1.401 se perderon na década 2010 - 2019. Isto revela unha aceleración da tendencia que non foi tomada en conta polo goberno municipal actual á hora de emprender políticas activas de recuperación da poboación.

As cifras poboación por municipios tamén demostran que as cidades galegas (agás Ferrol e Ourense) continúan en números de crecemento demográfico, igual que nos derradeiros anos. Ese feito sitúa ao noso concello nunha posición de debilidade respecto delas, demostrándose cos datos na man que A Estrada non é capaz de competir nin de frear o despoboamento que asola especialmente ás 51 parroquias.

A comisionada polo Goberno para o Reto Demográfico, Isaura Leal, valora que non é tarde para abordar a cuestión demográfica e que cómpre que todas as administracións estean implicadas, incluída a local. No caso concreto da Estrada, un dos factores con maior ponderación na mala evolución demográfica é o resultado do saldo vexetativo, que se explica a través da incapacidade de atraer novos veciños e veciñas en idade reprodutiva.

As políticas municipais e en especial as relativas a servizos sociais, son insuficientes á vista dos datos. É máis, están a desviar a atención a medidas directas e concretas contra a lacra da perda de poboación.

Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopten os seguintes ACORDOS:

1. Atendéndolle ao artigo 124.1 e 124.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, constituír unha comisión especial nomeada “de reto demográfico”, coa representatividade acordada no expediente 2777/2019 no Pleno de data 21 de xuño de 2019.

2. A situación de especialidade da comisión finalizará cando A Estrada obteña tres exercicios de crecemento demográfico consecutivos, segundo os datos oficiais publicados polo INE. Asumindo os grupos a súa creación en mandatos posteriores, en cumprimento da legalidade vixente.

3. O obxecto da Comisión Especial de Reto Demográfico será a proposta e debate de iniciativas concretas tendentes a lograr o incremento demográfico, así como de fiscalización de toda a acción do Goberno municipal dende a perspectiva que lle é natural á comisión.

4. Convocaríase cunha periodicidade ordinaria cada 6 meses, e de xeito extraordinario cando calquera dos grupos solicitase a súa convocatoria. Asimesmo, convocaríase ao fío de proxectos estratéxicos para A Estrada, coa finalidade de estudalos e emendalos dende o punto de vista demográfico.”

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 23/06/2020.

Visto o deliberado nesta sesión.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Atendéndolle ao artigo 124.1 e 124.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídicos das Entidades Locais, constituír unha comisión especial nomeada “de reto demográfico”, integrada polos/as Concelleiros/as que forman parte da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais.

Segundo.- A situación de especialidade da comisión finalizará cando A Estrada obteña tres exercicios de crecemento demográfico consecutivos, segundo os datos oficiais publicados polo INE. Asumindo os grupos a súa creación en mandatos posteriores, en cumprimento da legalidade vixente.

Terceiro.- O obxecto da Comisión Especial de Reto Demográfico será a proposta e





debate de iniciativas concretas tendentes a lograr o incremento demográfico, así como de fiscalización de toda a acción do Goberno municipal dende a perspectiva que lle é natural á comisión.

Cuarto.- Convocaríase cunha periodicidade ordinaria cada 6 meses, e de xeito extraordinario cando calquera dos grupos solicitase a súa convocatoria. Asimesmo, convocaríase ao fío de proxectos estratéxicos para A Estrada, coa finalidade de estudalos e emendalos dende o punto de vista demográfico.

Antes de pasar ao apartado de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos queren presentar mocións de urxencia.

Pide a palabra a voceira do grupo de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para presentar por urxencia unha moción sobre o apoio á veciñanza afectada polas elevadas comisións e gastos aplicados sobre as súas contas bancarias por parte da entidade ABANCA.

Xustifica a súa urxencia alegando que neste mes de xuño a nomeada entidade cobrou ao redor de 50,00 € a moitos/as veciños/as, os cales vense afectados por este gasto co que non contaban, ademais, os/as máis afectados/as son aqueles que teñen unha conta corrente onde teñen domiciliada a súa pensión, subsidio ou salario medio e aos que esa cantidade lle supón unha semana sen comer. Polo manifestado, considera urxente que esta corporación se manifeste en contra e así llo traslade a ABANCA, así como ofrecer axuda á veciñanza para que lle sexa devolta a cantidade retirada das súas contas en concepto de comisións abusivas; e, no caso de que ditada entidade bancaria non atendera ao solicitado, entón o Concello deberíase poñer en contacto con outras entidades, tales como Banca Ética e Caixa de Aforros Galega, co fin de que foran unhas entidades preferentes no noso concello e facilitar o cambio das contas dos afectados ás mesmas.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para manifestar que o seu grupo comparte a preocupación de fondo, considerando xustificada a urxencia da moción por estar no momento óptimo debido á actualidade na que está. Sen embargo ao contido do punto 2 da proposta da moción, considera que non é unha cuestión “baladí” que o Concello avale a súa filosofía dende o punto de vista financeiro e, por iso, votarán a favor da urxencia desta moción. Finalmente, en caso de que o grupo de goberno non apoie a urxencia, cre que a moción debería de ir a unha Comisión Informativa para ser ditaminada.

Intervén a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, trasladando o seu voto a favor da urxencia da moción a tratar, por considerar que trátase dun atraco por parte da nomeada entidade bancaria, sendo necesario manifestarse de xeito urxente ao respecto.

O **Sr. Alcalde** considera que se trata dun tema moi importante, aínda que discrepa nalgunhas cuestións da moción ao considerar que non é só un problema de ABANCA, senón que este problema das comisións están ocorrendo noutras entidades e, por ende, afectando a outros/as veciños/as e, incluso, ás propias administracións públicas; polo dito, quere deixar constancia de que se trata dun tema complexo, problemático e que afecta a un amplo sector. Por outra banda, dende o Concello pouco se pode facer ante este problema, polo que o que apunta a moción no punto 2, non deixa de ser unha fantasía, porque a Banca Ética traballa con capital foráneo e non ten practicamente oficinas de representación en Galicia, o que impediría facer unha xestión dos nosos recursos a nivel administrativo. Por outra parte, adoptar este tipo de acordos nas sesións plenarias é perverter o fin desta corporación, por considerar que non somos quen nin temos a

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 733LHC9MCS3E39FZCAGJTWEK3G | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 17



competencia en tales materias.

Tamén manifesta que a moción non reúne os requisitos para ser unha moción urxente ao ser un problema que non se vai a resolver co que acordemos nesta sesión.

Interrompe a **Sra. Mar Blanco** para aclarar que si resolve moito, porque se todos os concellos se uniran para dar unha “bofetada” a ABANCA, seguro que esta reconsideraría os seus abusos.

O **Sr. Alcalde** lle pide que respecte a quenda de intervencións e non interrompa, volvendo a aclarar que considera que se trata dun tema importante pero non urxente, sabendo que si a moción se presentara en tempo e forma fai unha semana podería ser tramitada segundo o procedemento adecuado. Polo tanto, considera que esta moción, debido á súa importancia e por abrir diversas cuestións, deberíase ditaminar previamente na Comisión Informativa que corresponda e despois elevala ao Pleno, ademais de que o desacordo non sería tan só con ABANCA, senón deberíase trasladar a outras entidades bancarias que tamén están a cobrar comisións, e algunhas desmesuradas.

Finalmente reitera que esta moción vai a ter o apoio do grupo de goberno, pero sempre e cando se siga o procedemento ordinario e adecuado para tratar as mocións e non por vía de urxencia.

Sométese a urxencia a votación, rexeitándose polos votos en contra do grupo do Partido Popular, e a favor dos votos dos grupos do Partido Socialista, Móvete e BNG.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓ DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE XUÑO DE 2020

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e o 15 de xuño de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-0540 ao número 2020-0616 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

A continuación, dentro do apartado de Rogos e Preguntas, procédese a enumerar o trasladado por cada un dos/das voceiros/as dos grupos políticos municipais de xeito resumido:

En primeiro lugar intervén o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para rogar que a través da aplicación do Concello se poidan facer reservas para a utilización das piscinas municipais, así como que se sexa facilitado un número de teléfono para prestarlles asistencia a aqueles que queiran reservar e non saiban como facelo a través da aplicación.

Pregunta tamén, sobre as medidas de protección polo COVID-19 que se pretenden adoptar para o acceso e estancia nas piscinas municipais e na praia fluvial e se se vai a contratar persoal para vixiar o cumprimento da distancia social.

Resposta o **Sr. Alcalde** á anterior pregunta de que existe un protocolo do que ten

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 733LHC9MCS3E39FZCAGJTWEX3G | Corrección: <https://sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 17

coñecemento o persoal traballador do nomeado recinto, sendo estes responsables da vixilancia e control para o cumprimento do devandito protocolo polas persoas usuarias así como do aforo.

Continúa o **Sr. López Bueno** lembrando medidas tomadas en recintos iguais noutros concellos, tales como o parcelamento das zonas, para que sexan tidos en conta.

En relación co sistema intelixente para escorrentar aves, pregunta se está a funcionar ou non e se está a dar resultados, xa que hai veciños que se están a queixar das pombas.

O **Sr. Alcalde** responde que ese sistema está dirixido aos estorniños e non ás pombas e está en funcionamento; aclara, que estamos ante o problema de que hai veciños que alimentan ás pombas diariamente, ocasionando que aumente a poboación destas aves.

O **Sr. López Bueno** reitera o rogo de que, por parte do Concello ou por Telefónica, se proceda a retirar a caseta que hai en Oca e se lle requira ao propietario que proceda a limpar a leira colindante.

Tamén pide que a cuneta do vial de Riomas - Oca (en dirección Orazo) sexa limpada dunha vez, despois de reiteradas solicitudes neste Pleno.

(Hai intervencións doutros concelleiros que por ter activado o micrófono, non se aprecia o falado, polo que non se pode efectuar a transcripción).

Continúa o **Sr. López Bueno** informa que fai tres semanas solicitouse acceso ao expediente de asfaltados e, a día de hoxe, non o ten, polo que reitera a súa solicitude.

O **Sr. Alcalde** aclara que non é unha cuestión imputable ao grupo de goberno, pero consultarase co técnico municipal para saber cal é a causa de non dar acceso para consulta do devandito expediente.

O **Sr. López Bueno** formula unha pregunta ao Concelleiro delegado de Deportes en relación a unha noticia na prensa sobre o ascenso do EDM; é sabedor que houbo negociacións con esa entidade en canto o Concello lle prometía unha cantidade xenerosa se ascendía; a este teor lembra que hai un club con sede social en Loimil e que abandonou a Estrada para trasladar o seu enderezo social a Santiago; ao abeiro anterior pregunta cales foron as súas xestións para que a Agrupación Estudiantil non tomara a decisión de abandonar o noso concello, coa perda que iso supón para o deporte estradense.

O **Sr. Alcalde** lle informa que vaille a contestar, xa que o apartado de Rogos e Preguntas só vai dirixido ao Alcalde e non aos Concelleiros, segundo o disposto no Regulamento. En resposta á anterior pregunta aclara que non é certo que se lle ofrecera unha gratificación ao EDM polo seu ascenso; con respecto ao Estudiantil, informa que tivo varias conversas co club antes de que tomara a decisión de cambiar o seu enderezo social, pero a subvención que se lle concede lle é insuficiente para facer fronte ás súas necesidades orzamentarias, non sendo un problema que este Concello poida resolver xa que lle correspondería principalmente á súa masa social, ademais non é viable un aumento desa subvención, xa que existen unhas liñas a seguir en materia de subvencións aos clubs deportivos e deportistas federados; por esta razón decidiron adoptar as medidas máis beneficiosas para o club.



O **Sr. López Bueno** pregunta tamén sobre peonalización de varias rúas céntricas do noso casco urbano, porque o día 9 de maio ían a ser seis rúas, o 15 de maio xa son cinco rúas, e así varios cambios sucesivos, o que está a provocar divisións entre os comerciantes, prometéndoselles unha cadeira na Mesa de Mobilidade para discutir e concretar a peonalización de rúas na zona urbana; sen embargo, parece que esta situación é unha medida excepcional por mor do COVID-19, tendo como límite as Festas de San Paio e, a día de hoxe, esa Mesa de Mobilidade non foi convocada, polo que prega que sexa convocada canto antes, que o colectivo de comerciantes teñan voto nas decisións a tomar na nomeada Mesa para dar voz a aqueles que din que os seus negocios vense prexudicados por esta peonalización. En relación co anterior tamén quere preguntar, en primeiro lugar, se se contactou cos comerciantes estradenses dende que se lle prometeu a súa participación na Mesa de Mobilidade e, en segundo lugar, ata cando se prevé manter a planta actual de mobilidade da nosa vila.

Responde o **Sr. Alcalde** que tivo unha reunión cun grupo de comerciantes onde se lles informou sobre a existencia dun plan de mobilidade e da posibilidade de peonalización de diversas rúas, así como da creación dunha Mesa de Mobilidade na que poderían participar e emitir as súas opinións; en ningún momento se lles dixo que íase a convocar a Mesa para tratar o tema de peonalización e que esta se fixara de forma temporal; así mesmo mantívose reunións con técnicos da Deputación para analizar a situación de mobilidade no entorno urbano, estando tamén na liña de integrarnos no Programa Ágora da Deputación co fin de deseñar unha nova Estrada; pero o plan de modificar o plano actual de rúas peonís non está sobre a mesa ata que se reúna a Mesa de Mobilidade, aínda que é sabedor que hai negocios a favor e outros en contra, pero traslada que o seu grupo de goberno está decidido a impulsar accións dirixidas á mellora da mobilidade, á creación de alternativa de aparcamento gratuito, etc; pero esta situación sanitaria levounos a pensar en vilas máis humanas e con máis espazos públicos.

O **Sr López Bueno** pregunta se os valados van a quedar onde están.

O **Sr. Alcalde** responde que de momento non se van a tocar.

Inicia a súa queda de intervención a voceira do grupo municipal de MÓVETE, Dña. **Mar Blanco Casais**, para comentar que dende que se inicio o estado de alarma ata de agora o transporte público foi case inexistente, non sendo entendible que, unha vez rematado o estado de alarma, non se restablecera este servizo. Pero o que máis lle preocupa é que o 1 de xullo publicouse a nova liña de frecuencias da Estradense, onde se observa un recorte do 50% do transporte do noso municipio a Santiago e dirección Pontevedra, o que lle parece moi grave. Así mesmo, di que recentemente caducaron as concesións da Xunta ás empresas de transporte, polo que pregunta se se sabe algo ao respecto; tamén pregunta o por que a Estradense como concesionaria do servizo non cumpra o cubrir o servizo a nivel provincial o 100% e o interprovincial o 80%.

Responde o **Sr. Alcalde** que a concesión a nivel galego está vencida e a Xunta de Galicia iniciou un plan integral de transporte público que se licitou en dúas fases, na primeira incluía o transporte escolar (adjudicado no principio do pasado curso), e a segunda fase incluía dous lotes e cunha grande inversión, pero debido a que a situación mudou nos últimos meses a causa da emerxencia sanitaria, produciuse un atraso na licitación, aínda que a Xunta ten previsto que as novas concesións estean en vigor no último trimestre de este ano, mentres tanto as empresas que estaban a prestar o servizo o seguen estando cunha prórroga do anterior contrato e que conleva unha situación precaria para as respectivas empresas; de feito existe a





posibilidade de que a Estradense non sexa novamente a concesionaria por non cumprir os requisitos esixidos para presentarse á nova licitación, polo que pensa que parte da situación actual débese a este motivo de precariedade provocada pola nomeada prórroga.

A **Sra. Blanco Casais** lamenta que sexan os veciños os que teñan que pagar as consecuencias. Continúa dicindo que, a pesares de que se están levando ao noso rural a fibra óptica, existen moitos puntos negros que afectan a lugares con grupos de vivendas porque o cabreado de Telefónica non chega a eles, preguntando que solución se lle vai a dar a este problema.

O **Sr. Alcalde** responde que a extensión da banda ancha no rural é un compromiso da Unión Europea e cunhas liñas de subvención importantes do estado e en base a un Convenio asinado xunto coas comunidades autónomas, porque as compañías telefónicas non asumen este traballo ao non ver rendibilidade de cara ao futuro. No ano 2018 comenzou o deseño dese plan de expansión e onde A Estrada non estaba incluída pero, grazas á chegada ao noso concello da base do 112, as compañías "R" e Telefónica tiveron que facer o investimento das liñas do 112 e 061, o que nos permitiu que a fibra óptica chegara ao noso casco urbano e, previa xestión con "R", estendouse ao Polígono de Toedo e, grazas a isto, a día de hoxe estamos incorporados na primeira fase do Plan de Extensión de Banda Ancha no rural, dando cobertura, a partires dos anos 2020 e 2021, a case o 50% dos núcleos de poboación; e a segunda fase acometerase no ano 2022 para chegar ao 100% de cobertura. En canto aos puntos negros existentes a día de hoxe daqueles lugares aos que non chega a banda ancha a pesares de estar incluídos na fase 1, deuse traslado das incidencias a Telefónica para que as solucionen e sexan incorporadas dentro da segunda fase. Tamén quere facer fincapé en que, a través da Estrada Dixital, somos dos poucos concellos que teñen unha rede propia e, grazas a cal, doúselles internet gratuíto a moitas familias durante o confinamento, sendo un servizo de respaldo. Continúa ofrecendo á oposición o listado de dos núcleos por parroquias que están aprobados mediante o compromiso das compañías operadoras de darlles servizo durante este anos e seguintes, é dicir, que están no proxecto de banda ancha.

Seguindo na súa intervención, a **Sra. Mar Blanco** quere trasladar o mal estado dos camiños no rural, tales como o que vai de O Sol a Santo Tomé de Acorados (sobre todo o último tramo).

Pide tamén que se limpen de maleza as beirarrúas que van baixan a Figueroa de Abaixo.

Solicita que dende o Concello se lle esixa ao Arzobispado que limpe o cemiterio.

Insta que sexa mellorada a ubicación da sinal de stop existente no camiño que vai a Penedrada, onde un posto de alumado dificulta a súa visibilidade.

Pide intervir o concelleiro do grupo municipal de MÓVETE, **D. Iván M. Sanmartín Eirín**, para trasladar a queixa veciñal do mal estado no que se atopa o camiño da Xeira dos Arrieiros, porque hai moitos tramos invadidos pola maleza e que dificultan o tránsito a pé, en concreto o tramo que vai dende o monolito que separa os tres concellos de Forcarei, Cerdedo-Cotobade e A Estrada, ao lugar de Vilaboa (Codeseda); e tamén o camiño que vai de Vilaboa a Portela. Por outra banda, considera importante a limpeza do acceso á Ponte da Pedra que cruza o río Umia. Por último, é necesaria tamén a limpeza do camiño que vai dende a Ponte da Pedra e que pasa polo frontal da antiga central eléctrica de Caldeirón en dirección á estrada a Ribela, xa que hai un tramo onde se botou escombro.

O **Sr. Alcalde** aclara que, antes da crise sanitaria, fixéronse actuacións melloras importantes no trazado da ruta da Xeira en colaboración coa Asociación Codeseda



Viva. En canto ao tema dos desbroces, di que se comprobarán, pero neste momento o servizo está centrado nas pistas asfaltadas, servizo que empezou tarde por culpa do COVID-19; aclara que moitos casos de maleza que invade as beirarrúas é por causa de leiras privadas e, nestes casos, estase requirindo aos propietarios para que procedan á súa limpeza.

En canto ao cemiterio de Figueroa, informa que esta mañá falou co Arcipreste para trasladarlle a preocupación dalgún veciño polo mal estado deste, contestándolle que a persoa encargada do mantemento estaba no ERTE, pero dende onte estase a limpar este e o seu entorno, coa previsión de rematar entre os vindeiros venres e sábado.

En cantos aos rogos do Sr. Iván Sanmartín, comprobarase e procederá a solucionarse, informando que as actuacións de arranxo fíxose cunha empresa contratada, aclarando que nese tramo da estrada a Ribela onde hai escombros non foi provocado por unha actuación municipal, sen embargo comprobarase, procedendo a darlle solución.

Concédeselle a palabra á voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para aclarar en primeiro lugar que o BNG nunca se opuxo ao traslado do 112.

Pregunta a razón pola que o aparcadoiro da Praza da Feira se pecha a partires das 16:00 horas dos martes.

Resposta o **Sr. Alcalde**, en relación ao 112, que o BNG, gobernando na Xunta de Galicia, habían decidido que este servizo se fixera en Oroso, o que se traduce en que se opoñían ao seu traslado á Estrada.

(Comeza un debate en relación ao tema do 112, que se reflexa no arquivo do audio e que non se transcribe na acta por non adaptarse ao contido deste apartado de "rogos e preguntas")

En contestación ao peche anticipado da zona de aparcamento da Praza da Feira, di que está a falar coa Policía Local sobre este tema, a cal lle traslada que o motivo é porque a quenda do servizo de policía remata ás 21:00 horas (non habendo quenda de noite por falta de persoal), e o peche da zona conleva o seu balado e a identificación dos vehículos aparcados, coa correspondente colocación do papel de información de que o vehículo debe ser retirado antes das 08:00 horas do día seguinte, un traballo que leva o seu tempo. Informa que se está a buscar outra alternativa ante a reclamación da asociación de comerciantes e así atrasar o máximo posible a hora de valado da zona e permitir o aparcamento os martes pola tarde.

Pregunta a **Sra. Camba Castro** se xa foi retirado o verquido de lixo en Outeiro - Agar, obxecto de reclamación na anterior sesión plenaria e, en caso de que a resposta sexa negativa, cal é a previsión para a súa retirada.

O **Sr. Alcalde** lle responde que aínda non se puido facer esa actuación e, cando o Concelleiro delegado do Rural e Medio Ambiente o supervise co técnico de obras, este lle informará da planificación.

A **Sra Camba Castro** prega que se coloque un paso de peóns fronte ao novo Centro de Saúde, onde está situado o semáforo.

Contesta o **Sr. Alcalde** que esa sinalización está integrada dentro dunha planificación de regularización semaforica, estando pendentes da autorización de





Fomento, xa que se trata dunha estrada nacional, regularización que afecta a moitos puntos viarios do casco urbano. Di que espera que no mes de setembro se poida executar esa regularización.

A **Sra. Camba Castro** reitera o rogo de que se arranxe a pista de A Torre - Guimarei e que vai ao lugar de A Costa, actuación que urxe antes do inverno.

O **Sr. Alcalde** informa que ese camiño está dentro dos traballos que están a facer a brigada de bacheo neste días, pero aclara que cre que tamén está incluída dentro do proxecto de asfaltados, o que comprobará.

A **Sra Camba Castro** pide que se proceda ao asfaltado e pintado do paso de peóns da rúa 25 de Xullo.

Recoñece o **Sr. Alcalde** que as actuacións na rúa 25 de Xullo hai que acometelas coa maior urxencia, aínda que se está a estudar a regularización desta rúa, barallando a posibilidade de eliminar a zona de aparcamento na súa marxe dereita.

Por último, a **Sra. Camba Castro**, traslada a solicitude dos veciños para a colocación de dous espellos de tráfico, un fronte á saída do CEIP Pérez Viondi e, o outro, na saída do camiño que vai de Os Cebados (Aguións) de cara a Barbude.

O **Sr. Alcalde** di que toma nota para facerlles a solicitude á Deputación e á Xunta de Galicia.

A continuación, en cumprimento do Regulamento de Participación Cidadá, pregunta se alguén do público asistente quere emitir un rogo ou pregunta; non habendo, procede a levantar a sesión sendo as vinte e tres horas do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións, do cal se fai cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 733LHC9M3E39FZCAGJTWEK3G | Corrección: <https://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 17